

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref^a: suminist sinais recinto amurallado

Asunto: anunc licitación

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO LICITACIÓN

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 4 de maio de 2011, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINAIS NO RECINTO AMURALLADO DE LUGO. ACTUACIÓN ENMARCADA NO PROXECTO URBAN CO COFINANCIAMENTO DO 70% DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013), PROXECTO 10UR4202 Urban Sinalización.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a subministración e instalación de sinais no recinto amurallado de Lugo.

b) Prazo de execución: o prazo de execución deste contrato será de DOUS MESES, contados a partir da formalización do contrato administrativo (ver cláusula terceira).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O valor estimado do contrato é de 68.559,16 euros, polo que aplicado o IVE do 18% (12.340,65 euros), o presuposto total ascende a 80.899,81 euros.

5.- Garantías:

a) Provisional: non se esixe

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: suminist sinais recinto amurallado

Asunto: anunc licitación

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-86.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

8.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

10.- Gastos dos anuncios: 127,4 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 24 de maio de 2011

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Méndez García